

Espazos imaxinativos

Cociñar de narrativa breve

PILAR PONTE

Hai nove anos, Amancio Liñares e Antonio Puentes poñían en marcha a editorial tresCtres coa vocación de contribuír a impulsar a cultura e as letras galegas mais sen se limitar só ao galego e estendendo o seu ámbito de publicacións tamén ao español e o portugués. Estes dous profesores de ensino secundario e escritores, ao longo destes anos, foron construíndo devagar un catálogo no que de cando en vez sorprenden con produtos singulares.

Unha das últimas achegas do selo editorial é este *Nun bambán de non virar baldo* do infatigable David Otero, mestre, escritor e figura sobranceira no movemento cultural e asociativo galego.

Este escritor amoroso da Estrada ofrécenos un poema introdutor e seis historias breves de fasciña tan diversa que cómpre deixar que apouse cada unha delas no lector entre lectura e lectura. Esta necesidade xa nola advirte o autor coa cita que encabeza o volume, onde se nos alerta da dificultade do lector de contos que ha de entrar cada

moi poucas páxinas nun mundo de ficción distinto.

O primeiro conto, "A señora Maripepa", lévanos ao ano 1936, aos comezos da sublevación militar

contra a II República Española para nos traer unha trágica historia baseada en feitos reais, o fusilamento de cinco membros da familia Ventín da Estrada. O autor publicara unha versión máis breve con anterioridade, en xullo de 2006,

que aínda se pode consultar no blog SinorAfranio A Estrada (Galiza); tamén na internet podemos atopar, xunto a outro material sobre o autor, un vídeo moi recomendable de David Otero lendo esta historia no centro de documentación da AELG. Esta temática do terror da represión en 1936, da traxedia dos "paseados", vai ser a única que aparece en dúas ocasións, repetíndose

en "De véspera para sempre", a última historia do libro, de tal xeito que enmarca toda a obra.

O resto de historias son moi diferentes entre si tanto desde o punto de vista temático como creativo. Así, temos en "Querendo a 4 planos sen (con) palabras" unha narración que tamén podemos considerar un texto teatral mínimo, con características propias do xénero dramático; ou en "Uns toques" unha historia moderna contada desde dentro dunha das personaxes; mentres en "Dous no mapa" o autor desdobra de xeito orinal o seu discurso nel mesmo e en dous relatores alleos; ou "Moncho" cun retrato dun tipo social da marxinalidade urbana fronte a "Por mirar «vientos»", retrato agri-doce dun indiano moi particular.

Mentres, a composición en verso que inaugura o texto funciona a modo de declaración de principios creativos onde por riba de todo o demais salienta a vontade de chegar ao corazón do lector, un primeiro obxectivo ao que se unen a fidelidade histórica e mais a creación como un exercicio xerador de espazos imaxinativos de liberdade.

OTERO, David, *Nun bambán de non virar baldo*, Ed. 3C3, Santiago de Compostela, 2009, PVP12 €

